

## PROGRAMA DE FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

# Obradoiro e mentoring sobre avaliación do potencial comercial de tecnoloxías protexidas mediante patente

10  
TITORÍAS

30  
PRAZAS

**Data do obradoiro :** 25 de xuño de 2026

**Horario:** de 9:30 a 14:30 h

**Lugar de celebración:** FEUGA

Rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n · 15705 Santiago de Compostela

## Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia

## Contido

Este curso de formación sobre a avaliación do potencial comercial das tecnoloxías patentadas forma parte dunha serie de iniciativas formativas destinadas a fortalecer as capacidades de valorización e transferencia de coñecemento do ecosistema de innovación de Galicia. Ofrece unha abordaxe sistemática para a toma de decisións na xestión de carteiras de patentes.

Está dirixida principalmente ao persoal xestor de transferencia e ao persoal investigador que desenvolve a súa actividade en universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos e outros axentes do ecosistema de innovación de Galicia. Poderase participar a título individual ou en equipo.

O obxectivo é dotar os participantes das habilidades para aplicar unha metodoloxía que lles permita analizar, avaliar e priorizar as tecnoloxías patentadas en función da súa viabilidade comercial e do seu potencial para xerar vantaxes económicas e competitivas a través de licenzas ou vendas.

## Obxectivos

Á finalización da formación, os participantes serán capaces de:

- Comprender e aplicar a metodoloxía completa para avaliar o potencial comercial das patentes.
- Identificar os criterios de exclusión e discriminar as tecnoloxías non axeitadas para a transferencia antes de investir recursos.
- Avaliar os criterios legais, tecnolóxicos e de mercado, seguindo o modelo do manual.
- Utilizar fontes de información internas e externas para a análise.
- Preparar un informe de avaliación estruturado e comparable para diferentes tecnoloxías.
- Priorizar as tecnoloxías para: concesión de licenzas, creación de fichas de datos comerciais, prospección de licenciarios e preparación para programas de valorización.

A formación, de carácter gratuito, ofrece 30 prazas para formarse nesta metodoloxía, entre as que se seleccionarán 10 participantes ou equipos para recibir mentoría. Os 10 casos que recibirán mentoring elixiranse a partir da información sobre a patente achegada no formulario de inscrición.

### Obradoiro

**Nº de prazas:** 30  
**Data:** 25 de xuño de 2026  
**Formato:** presencial  
**Lugar de celebración:** FEUGA  
Rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n  
15705 Santiago de Compostela



### Mentoring

**Nº de prazas:** 10  
**Datas:**  
5 casos xuño e xullo 2026  
5 casos setembro e outubro 2026  
**Formato:** online

## Programa da sesión formativa

### Xoves 25 de xuño

- |                 |   |
|-----------------|---|
| 9.30 - 9.45 h   | <b>Benvida e apertura do acto</b><br><b>Carmen Cotelo</b><br>Directora da Axencia Galega de Innovación  |
| 9.45 - 11.30 h  | <b>Aplicación da metodoloxía de avaliación de potencial comercial de tecnoloxías protexidas mediante patente</b> <ul style="list-style-type: none"><li>» Descrición xeral da metodoloxía e proceso de avaliación</li><li>» Fase de exclusión: Requisitos mínimos</li><li>» Exercicios prácticos con tecnoloxías reais ou simuladas</li></ul>  |
| 11.30 - 12.00 h | <b>Pausa café</b>   |
| 12.00 - 14.30 h | <b>Aplicación da metodoloxía da avaliación de potencial comercial de tecnoloxías protexidas mediante patente (continuación)</b> <ul style="list-style-type: none"><li>» Fase de madurez: Avaliación cualitativa</li><li>» Exercicios prácticos con tecnoloxías reais ou simuladas</li><li>» Visualización de resultados e priorización de patentes (0,5 h)</li><li>» Uso da tecnoloxía na xestión de portfolios de patentes</li></ul> |
| 14.30 h         | <b>Peche</b>  |



## INSCRICIÓN

- » Ata o día **15 de xuño ás 14 h** a través deste [formulario de inscrición online](#)

## CONTACTO

- » **Área de Talento e Transferencia**
- » **+34 981 957 000**
- » **ignicia.gain@xunta.gal**

## Formador

### TOBIAS LIPP

Consultor en Propiedade Industrial, Innovación e Xestión Tecnolóxica.



#### Formación

- Patent Engineering. University of Applied Sciences Amberg-Weiden (Alemaña)
- Intellectual Property Law and Management. Centre d'Études Internationales de la Propriété Intellectuelle (Estrasburgo, Francia)

#### Experiencia relevante

- Experto en estratexia de PI, valorización e análise tecnolóxica para empresas, startups e centros de investigación
- Codesenvolvemento e coautoría da "Metodoloxía de avaliación do potencial comercial de tecnoloxías protexidas mediante patente" do Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento
- Autor de 150+ memorias de invención en sectores tecnolóxicos avanzados e contribuidor en varias patentes
- Mentor en programas da Organización Mundial de la Propiedad Intelectual (OMPI)
- Lector e formador en cursos de certificación da Oficina Europea de Patentes (EPO) e do CEIPI (Centro de Estudios Internacionales de Propiedad Intelectual)

